



## *Asociación “Museiros de Ourense”*

Habida conta da gran participación da I liga de clubs de mus de Ourense, procédese a invitarvos outra vez a que participedes na II edición cúa primeira xornada facemos coincidir co aniversario da “Asociación Museiros de Ourense”.

A continuación envíanse as bases pola que se van a inscribir os clubs e o día do sorteo farase entrega de toda a documentación.

Un saúdo

9 de outubro de 2006

Comisión da Liga



## *Asociación "Museiros de Ourense"*

### **Formación de clubes**

1. Os clubes estarán formados por un mínimo de 8 xogadores.
2. Tódolos xogadores pertencentes a un clube serán dados de alta na Asociación. A alta do xogador será de 10 € anuais e a inscrición do clube na liga 60 €.
3. Cada clube terá un xogador (capitán) que fará entre outras as seguintes funcións:
  - Asistir as reunións que convoque a Comisión de Torneos e ser a correa de transmisión entre a Asociación e os clubes.
  - Coordinar xunto co capitán do clube contricante as partidas de cada enfrentamento.
  - Levar o control das actas de partidas, asinalas o remate de cada enfrentamento e poñelas en coñecemento da Comisión.

### **Sistema de competición**

1. Crearase unha Comisión de Torneos que estará composta por Eduardo, Felipe, Pepe e Antonio. Terá plenos poderes de xestión e disciplinarios no ámbito da competición da liga de clubes.
2. O prazo de inscrición rematará o 6/11/2006. O sorteo do calendario será o xoves 9 de novembro as 20,30 horas no locais do Ateneo; donde tódolos os museiros inscritos estarán invitados a un viño. O comezo da competición será na semán seguinte.
3. Se dous ou mais clubes teñen fixada a mesma sede de xogo, enfrentaranse nas primeiras xornadas para evitar malos entendidos.
4. Cada enfrentamento será de catro partidas, ca única condición de que ningún museiro poderá xogar mais de dúas partidas por enfrentamento.
5. Cada xornada da liga xogarse o xoves as 20,30 horas. En caso de imposibilidade de que un club non poida xuntar 8 xogadores para dita hora; terá a obriga de avisar con suficiente antelación o capitán do equipo contrario para acordar o novo horario das partidas.
6. As partidas xogaranse o mellor de 9 xogos de 8 amarracos. Gañará quen acade 5 xogos.
7. Cada club terá 2 puntos por cada partida gañada e 0 (cero) puntos por cada partida perdida. De non presentarse unha parella a unha partida; daráselle por perdida co resultado de 5-0 e gañada a parella presente polo resultado de 5-3. O clube que sume mais puntos recibirá 2 puntos e o perdedor cero puntos: En caso de empate, un punto cada club.
8. Poderán darse de alta a xogadores cando se queira, con só asocialo no momento de disputa da partida/s e ter a ficha completa dous días despois (de non cumprir esta condición daráselle por non presentada). Ningún xogador poderá xogar con dous clubs na liga. Ningún xogador poderá pertencer a dous clubes simultaneamente durante todo o ano.
9. Seguirase o Regulamento da Asociación e no seu defecto o da Federación Española de Mus.